

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 OFICIAIS 1ª ALBANEIS

1 OBXECTO:

Seleccionar, mediante proceso selectivo, a 2 oficiais 1ª albaneis para a participación no Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais segundo subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña, para o que se presentará oferta pública de contratación no Servizo Público de Emprego.

2 MODALIDADE, DURACIÓN DOS CONTRATOS E XORNADA:

O modelo de contrato de traballo a utilizar será o de duración determinada, eventual por circunstancias da produción.

A duración dos contratos non poderán superar o tempo establecido nos decretos de contratación e, en todo caso rematarán o 31 de decembro de 2016.

O contrato será a xornada completa.

Este contrato non se rexerá por ningún convenio sectorial. Unicamente poderá acollerse ao clausulado da negociación colectiva municipal de conformidade da normativa vixente en tanto o contratante é a Administración Pública.

3 REQUISITOS MÍNIMOS:

Para poderen participar na realización das probas, os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1 Ser demandante de emprego e deberán estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, circunstancia que deberá ser acreditada polos aspirantes no momento da contratación.
- 2 Os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa directamente aplicable.
- 3 Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007).
- 4 Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto.
- 5 Coñecemento do galego: CELGA 2 ou equivalente.
- 6 As persoas a contratar no programa deberán estar entre as recollidas como incluídas en situación de exclusión laboral. Estas situacións son as seguintes e o aspirante deberá sinalar a situación ou situacións nas que se atopa nunha declaración que se entregará no momento de realización da proba escrita:
 - 6.1 Mulleres. Acreditarase mediante fotocopia do DNI
 - 6.2 Maiores de 45 anos. Acreditarase mediante fotocopia do DNI
 - 6.3 Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade farase presentando o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.
 - 6.4 Persoas desfavorecidas que estean en algunha das seguintes situacións, para o que se solicitará de oficio o informe pertinente aos Servizos Sociais municipais:

- 6.4.1 Drogodependencia.
 - 6.4.2 Vivir nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - 6.4.3 Persoas sen fogar.
 - 6.4.4 Persoas con fogar monoparental.
 - 6.4.5 Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- 6.5 Parados de longa duración. Aos efectos deste programa se considerarán como parados de longa duración aquelas persoas que leven mais de dous anos como mínimo como demandantes de emprego. Dita circunstancia acreditarase mediante a presentación da vida laboral actualizada e informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego.
- 6.6 Persoas vítimas de violencia de xénero, para o que se solicitará de oficio o informe pertinente aos Servizos Sociais municipais.

4 SISTEMA DE SELECCIÓN:

Segundo establece o parágrafo primeiro do artigo 7 das bases reguladoras da Deputación e A Coruña aprobadas na sesión da Xunta de Goberno celebrada o día, 15/04/2016, pola que se aproban as bases do programa denominado “ Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos Concellos con menos de 20.000 habitantes anualidade 2016”, o concello realizará a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

A tal fin esta entidade presentará unha oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, na oficina de emprego de Boiro, nos modelos normalizados ao efecto. Ilo sen prexuízo de que este concello, co gallo de cumprir cos principios que deben rexer toda selección, lle dea a oportuna publicidade para garantir a concorrencia.

4.1 Oposición (Puntuación máxima: 12 puntos)

O tribunal comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio de cada proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

O apartado de oposición constará de unha proba escrita que terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

4.1.1 Proba escrita de coñecementos relacionados co posto. Puntuación máxima: 12 puntos.

Esta proba consistirá na realización dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, a realizar nun tempo máximo dunha hora. O exame tipo test terá tres alternativas de resposta das que só unha será considerada válida. Por cada tres respostas erradas descontarase unha correcta, non descontándose nada polas preguntas non respondidas.

A proba estará encamiñada a determinar o grao de coñecemento das persoas aspirantes sobre o término municipal, sobre o posto de traballo a cubrir e sobre as accións, actuacións e actividades deste, segundo o establecido a continuación:

- 1.- Coñecemento do término municipal.
- 2.- Ferramentas básicas e útiles de albanelería. O seu mantemento.
- 3.- Obras de albanelería
- 4.-Traballos de mantemento e reparacións en edificios, instalacións, zonas de ocio e recreo e vías de

comunicación municipais.

5.-Prevención de riscos laborais relacionados co posto

4.2 Concurso (Puntuación máxima: 5 puntos):

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima non poderá superar o 40 % da puntuación total.

Só serán baremables os méritos adquiridos ata o día, inclusive, da presentación da oferta de emprego na Oficina de Emprego de Boiro.

Toda a documentación que as persoas aspirantes pretendan que se lle tome en conta para o baremo de méritos terán que achegala, como máximo, o día da realización da proba escrita.

Terase en conta as seguintes indicacións:

- *O apartado de formación acreditarase mediante fotocopia compulsada dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo Organismo ou centro correspondente coa expresión do curso ou xornada realizada e número de horas.*
- O apartado de carné de conducir acreditarase cunha copia compulsada do documento acreditativo.
- A experiencia profesional na categoría deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de Vida laboral expedido pola Tesourería xeral da Seguridade social e ca fotocopia cotexada dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública as copias cotexadas dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.

4.2.1.- Experiencia profesional:

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 2 puntos, segundo o seguinte baremo:

- Por cada mes completo de servizos prestados como oficial albanel de 1ª: 0,50 puntos.

4.2.2.- Cursos de formación relacionados co posto de traballo e/ou prevención de riscos laborais impartidos por calquera entidade, programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

- De 20 a 60 horas: 0,50 puntos
- De 61 a 150 horas ou superiores: 1 punto
- Puntuación máxima: 1 punto

4.2.3.- Carné de conducir B

Puntuación máxima: 1 punto

4.2.4.- Galego: Celga 3 ou equivalente ou superior: 1 punto

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007) para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento) que as certificacións de aptitude dos Celga.

4.3 Exercicio de galego: APTO ou NON APTO

O tribunal comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

Este exercicio o realizarán aqueles aspirantes que resulten seleccionados e os suplentes que non estean exentos da realización deste, é dicir, que contén co certificado expedido polo órgano competente.

Estarán exentos de realizar este exercicio as/os aspirantes que acrediten, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas, como máximo o día de proba escrita, que posúen o Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

A comisión de selección ditará resolución na que convocará ós candidatos que non acreditan posuír o diploma, certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, á realización dunha proba oral, de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento.

O exercicio consistirá en manter unha conversa no idioma galego na que a persoa aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega. O tempo mínimo para a realización de dita proba será de 5 minutos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto.

A actuación das persoas candidatos levarase a cabo por orde alfabética segundo o establecido no sorteo publicado na resolución do 3 de febreiro de 2016 da Consellería de Facenda e que establece, para o presente ano, empezar por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra "O".

Os candidatos serán convocados en único chamamento que se fará público a través do taboleiro de anuncios do Concello, sendo excluídos os que non comparezan, excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

A proba será gravada por medios técnicos ou calquera outros que permitan deixar constancia ou soporte documental desta aos efectos oportunos.

5 SELECCIÓN DOS CANDIDATOS:

O Tribunal formado como prescribe o artigo 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, efectuará a selección conforme se describe no punto cuarto destas bases.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocadora, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente, en todo caso, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou quen legalmente os/as substitúa.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na lei 30/1992 do 26 de novembro como na demais normativa de aplicación.

Rematado o proceso de selección o Tribunal relacionará os aspirantes en orde de maior a menor puntuación e propondrá a listaxe ao Sr. Alcalde para a realización das oportunas contratacións.

Asemade recollerase a relación de aspirantes por orde de prelación que tendo superados os exercicios da oposición, no seu caso, non se incluíran na lista de aprobados e proposta de nomeamento, a efectos de poder, se así se estima, ser contratados eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por goce de permisos regulamentarios, necesidades do servizo, etc ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia do seleccionado/a, segundo a orde de maior puntuación obtida.

Unha vez se proceda á contratación dos aspirantes, requiriráselles para que previamente acheguen a documentación acreditativa de estar en situación de desemprego para acceder ao posto de traballo.

Unha vez contratadas realizarán o preceptivo curso teórico-práctico de formación sobre prevención de riscos laborais, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran ou no caso de que non o superaran.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo ata a finalización do que reste do programa de contratación, de ser o caso, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada suposto.

De producirse empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación no concurso
- c) No caso de persistir o empate terán preferencia as mulleres por tratarse dun sector con subrepresentación feminina, ao abeiro do artigo 37 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.
- d) En ultimo lugar, resolverase mediante sorteo público

6 CHAMAMENTOS ÁS PERSOAS ASPIRANTES:

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, sen prexuízo da entrega da comunicación escrita no momento da súa incorporación.

7 INTERPRETACIÓN DAS BASES:

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases.

Rianxo, setembro de 2016

O alcalde

Adolfo Muíños Sánchez